



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de Administración Electrónica 2020

CONVOCATORIA: Curso superior Administración electrónica 2020

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	114
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/07/2020 - 08:00h ao 31/07/2020 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a Administración electrónica para que as persoas ás que se dirixe adquiren ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito da informática

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 26 de outubro de 1994 (BOE núm. 267, do 8 de novembro, e corrección, BOE núm. 311, do 29 de decembro), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos da Administración local en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as administracións públicas do 10 de agosto de 1994, e no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo), e corrección, DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/das funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 1,5 puntos.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nunha serie de contidos que pretenden profundar nos aspectos mais importantes da Administración electrónica dende unha tripla perspectiva: xurídica, técnica e práctica.

A estrutura do curso será a seguinte:

- Réxime xurídico dunha Administración dixital.
- Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais.
- Sede electrónica e carpeta do cidadán.
- Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.
- Notificación electrónica.
- Seguridade. Impacto da Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica. Iniciativas no marco europeo.
- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.
- Licitación e factura electrónicas.
- Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, de acordo cos criterios establecidos no punto 5, persoas destinatarias, desta resolución.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo aos requisitos de selección establecidos no punto 5 da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/09/2020 a 27/10/2020

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 22 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 22 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 20 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 20 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 29 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 29 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 06 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 06 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 13 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 13 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: O día 29 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 29 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 06 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 06 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 13 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 13 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA